



Actividade 1

Enunciado: Fíxate nas ilustracións, escribe o nome do obxecto e explica por que levan ou non acento gráfico.



Solución

Copa, lapis, álbum, bufanda.

Copa: grave acabada en vogal; **lapis:** grave acabada en -s; **álbum:** grave acabada en -m (consoante diferente de -n ou -s); **bufanda:** grave acabada en -a.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Escribe e identifica correctamente o que se solicita sen faltas de ortografía.	Escribe correctamente o que se solicita con moi poucas faltas de ortografía e comete ata un erro.	Escribe correctamente o que se solicita con algunhas faltas de ortografía e comete ata dous erros.	Non escribe correctamente o que se solicita.

Estándar de aprendizaxe avaliable

9.1. Identifica palabras graves e coñece e aplica a súa regra de acentuación.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística.

Competencia para aprender a aprender.

Competencia matemática.

Actividade 2

Enunciado: Indica as palabras graves e ponlle o acento gráfico ás que o precisen.

fosil femur xornal banco canibal
triceps piñeirai amigo corren autor
reptil camisa fervor habil esteril

Solución

fósil **fémur** xornal **banco** **caníbal**
tríceps piñeirai **amigo** **corren** autor
réptil **camisa** fervor **hábil** **estéril**

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Escribe correctamente o que se solicita sen faltas de ortografía.	Escribe correctamente o que se solicita con moi poucas faltas de ortografía e comete ata catro erros.	Escribe correctamente o que se solicita con algunhas faltas de ortografía e comete ata sete erros.	Non escribe correctamente o que se solicita.

Estándar de aprendizaxe avaliable

9.1. Identifica palabras graves e coñece e aplica a súa regra de acentuación.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística.

Competencia para aprender a aprender.

Competencia matemática.

Actividade 3

Enunciado: Completa a táboa con dous substantivos de cada categoría.

PROPIO	COMÚN					
	concreto	abstracto	individual	colectivo	contable	non contable

Solución

Resposta libre.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Completa correctamente o que solicita sen cometer ningún erro.	Completa correctamente o que se solicita e comete ata tres erros.	Completa o que se solicita e comete ata cinco erros.	Comete máis de cinco erros.

Estándar de aprendizaxe avaliable

7.1. Coñece o concepto de substantivo.

8.1. Clasifica os substantivos.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística.

Competencia para aprender a aprender.

Actividade 4

Enunciado: Completa o esquema.

As palabras homónimas sons as que _____ . Poden ser _____ , se _____ , como ven e ben; ou _____ , cando _____ como banda e banda.

Solución

As palabras homónimas sons as que **_teñen igual pronuncia ou grafía e distinto significado_**. Poden ser **homófonas**, se **se escriben igual pero soan igual**, como ven e ben; ou **homógrafas**, cando **se escriben igual** como banda e banda.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Completa correctamente coas palabras, sen cometer ningún erro.	Completa coas palabras, e comete ata dous erros.	Completa coas palabras, e comete ata tres erros.	Comete máis de tres erros.

Estándar de aprendizaxe avaliable

6.1. Distingue palabras homónimas (homófonas/ homógrafas).

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística.

Competencia para aprender a aprender.

Actividade 5

Enunciado: Escribe que clase de palabras homónimas son as seguintes parellas.

vago/bago _____ coral/coral _____

lira/lira _____ rabo/ravo _____

Solución

vago/bago **homófona**

coral/coral **homógrafa**

lira/lira **homógrafa**

rabo/ravo **homófona**

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Completa correctamente o que solicita sen cometer ningún erro.	Completa correctamente o que se solicita e comete ata tres erros.	Completa o que se solicita e comete ata cinco erros.	Comete máis de cinco erros.

Estándar de aprendizaxe avaliable

6.1. Distingue palabras homónimas (homófonas/ homógrafas).

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística.

Competencia para aprender a aprender.

Actividade 6

Enunciado:

Cantas estrofas ten o poema de Manuel María? Cantos versos ten cada unha?

O señor Merlo larpeiro
na ponla máis alta está.
Está subido á cerdeira
e, dela non baixará!

Está come que te come
non ten trazas de parar.
O señor Merlo larpeiro
sen cereixas nos ha deixar!

Solución

Dúas estrofas con catro versos cada unha.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Completa correctamente o que solicita sen cometer ningún erro.	Completa correctamente o que se solicita e comete ata tres erros.	Completa o que se solicita e comete ata cinco erros.	Comete máis de cinco erros.

Estándar de aprendizaxe avaliable

10.1. Coñece as características dun poema, do verso e da estrofa.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística.

Competencia para aprender a aprender.

Conciencia e expresión cultural.

Actividade 7

Enunciado

Que é recitar un poema?

Solución

É dicir un poema en voz alta coa entoación adecuada para o que quere transmitir o poema.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Escribe correctamente o que se solicita sen cometer ningún erro.	Escribe correctamente o que se solicita e comete ata un erro.	Escribe correctamente o que se solicita e comete ata dous erros.	Non realiza o que se solicita.

Estándar de aprendizaxe avaliable

10.1. Coñece as características dun poema, do verso e da estrofa.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística.

Competencia para aprender a aprender.

Conciencia e expresión cultural.

Actividade 8

Enunciado: Que é unha solicitude?

Solución

Escrito dirixido a una persoa ou organismo oficial para facer una petición.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Escribe correctamente o que se solicita sen cometer ningún erro.	Escribe correctamente o que se solicita e comete ata un erro.	Escribe correctamente o que se solicita e comete ata dous erros.	Non realiza o que se solicita.

Estándar de aprendizaxe avaliable

12.1. Recoñece unha solicitude e redactala.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística.

Sentido da iniciativa e o emprendemento.

Competencia para aprender a aprender.

Actividade 9

Enunciado: A que parte da solicitude corresponde este fragmento? Que outras partes lle faltan?

Que en vista de que este ano as chuvias foron moi abundantes e danaron moitas das rúas da cidade.

Solución

Motivo da solicitude. Faltan: data, persoa á que vai dirixida, solicitante, sinatura.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Escribe correctamente o que se solicita sen cometer ningún erro.	Escribe correctamente o que se solicita e comete ata un erro.	Escribe correctamente o que se solicita e comete ata dous erros.	Non realiza o que se solicita.

Estándar de aprendizaxe avaliable

12.1. Recoñece unha solicitude e redactala.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística.

Sentido da iniciativa e o emprendemento.

Competencia para aprender a aprender.

Actividade 10

Enunciado: Responde.

• Que época abranguen os Séculos escuros? _____

• Que aconteceu durante os Séculos Escuros? _____

• Escribe o nome dunha obra escrita neste período.

Solución

Do XV ao XVIII.

A nobreza foi sometida pola forza e substituída por xentes de fóra.

Resposta libre.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Escribe correctamente o que se solicita sen cometer ningún erro.	Escribe correctamente o que se solicita e comete ata un erro.	Escribe correctamente o que se solicita e comete ata dous erros.	Non realiza o que se solicita.

Estándar de aprendizaxe avaliable

11.1. Coñece as características da literatura nos Séculos Escuros.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística.

Conciencia e expresión cultural.

Sentido da iniciativa e o emprendemento.